

Disponible servicio
baleirado de fosas
sépticas en Salceda

Páxina 9

Comenzaron as obras
polas filtracións de
auga en Torneiros

Páxina 10

Rematada a reforma
dos parques infantís
de Torneiros e Atios

Páxina 12

A Finca de Fínola xa
forma parte do
patrimonio da Guarda

Páxina 14

A Guarda solicita unha
subvención de
900.000 € para
renovar o alumeadado

Páxina 15



Ponteareas farase oír ante o Estado e a Xunta pola circunvalación

Páxina 6

CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

CONDADO/PARADANTA

MARCHA SOLIDARIA

ARBO, CAMIÑA

POLA SAUDE MENTAL

13 DE XANEIRO

HORA: 10:00 HORAS
SAIDA: PRAZA DO CONCELLO DE ARBO
PERCORRIDO: 5 KM APROXIMADAMENTE -
DIFICULTADE MEDIA

NOVA DATA!!

Os donativos faranse en efectivo o día da Andaina aos socios colaboradores da Asociación Avelaíña ou se ingresarán na seguinte conta:
ES27-2100-4046-1121-0009-8385
 En concepto de ingreso mencionar "participación marcha solidaria de Arbo"

DONATIVO 5 EUROS

AGASALLOS E SORTEOS

640237341/986665000
 WWW.CONCELLODEARBO.ES

 **Concello de Arbo**



FESTIVAL INFANTIL SOLIDARIO

DOMINGO 13 DE XANEIRO ÁS 17:00
PAVILLON MUNICIPAL DE ARBO





- CPA CONDADO
- FÚTBOL 8 ARBO C.F.
- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA A LUMBRE
- A.C. A VELLA BARCA
- A.C. BARCA DE LOIMIL

ENTRADA LIBRE

VENTA DE RIFAS PARA O SORTEO DE AGASALLOS
 (OS CARTOS RECADADOS IRÁN DESTINADOS A NEMOS E NEMAS DE ARBO QUE O PRECISEN)

Erro na Lotería de Nadal do colexio "La Inmaculada"

Desde a dirección do Colexio plurilingüe "La Inmaculada" de Pontearreas, queremos aclarar que por un erro de imprenta non detectado a tempo e totalmente alleo a dirección deste centro, o número impreso nas papeletas de lotería de Nadal (sorteo 22 de Decembro de 2018) vendidas polos

alumnos de 3º e 4º de ESO para a excursión de Fin de Curso, non coincide cos décimos mercados na administración.

O número mercado foi o 45133, e o número que aparece nas participacións é o 41533.

Debido a isto, aclaramos que o número 45133 non foi agraciado con ningún premio.

Forjados
hinos.duran s.l.





Fábrica y Oficinas:
 Santiago de Ribarteme, 1
 36447 **AS NEVES** (Pontevedra)

Tel: 986 648 150
 Fax: 986 648 030
 e-mail: duzan@forjadosduran.com
<http://www.forjadosduran.com>



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
 T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosespanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
 Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
 (36860 PONTEAREAS - GALIZA)
 T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiralde, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

PONTEAREAS

ACiP cualifica como “pelotazo urbanístico” o convenio de cesión ao Concello da parcela de Granitos

Din que o acordo implica a redución da vivenda protexida nun 30% e que será “a ruína do comercio local”

A formación ACiP vén de amosar a súa disconformidade co uso da parcela de Granitos, logo do convenio asinado entre os propietarios e o Concello, actuación que cualifica de “pelotazo urbanístico”.

A agrupación afirma ter solicitado en diversas ocasión ao Concello o acceso ao convenio "dando a calada por resposta", e argumenta que "denunciamos o perigo da parcela por atoparse na mesma pozos abertos e con-

taminantes, así como a uralita caendo das naves contaminadas por amianto” e que, a pesar de todo, o goberno municipal abriu no verán para aparcamento”co condicionante do abandono da limpeza de maleza, que era competencia do Concello.

Mentira

Agora, inciden, “sacan a bombo e pratillo o logro do convenio cos propietarios, demostrando así que se estaba a empregar o pasado verán de forma irregular”,

e inciden en que o logro do edificio é “mentira”, porque “xa estaba na ficha de 2013 na súa aprobación inicial”.

Támén argumentan que o acordo implica a eliminación da vivenda privada e protexida “deixando só un uso comercial cunha superficie de máis de 7,196 m2, o que implicaría a eliminación da construción de vivenda protexida nun 30% e “a ruína do comercio local”.

Inciden tamén en que coa construción de uso comercial prevista “desaparece o aparcamento público, pasando de 144 a 51” prazas, e que se reducen drasticamente “os espazos libres e a rede viaria” en torno a un 30%.

[illegible]

Ficha de 2018 do Plan Xeral.

Villar asegura que o aparcamento é só un parche

O Grupo Municipal do PP cualifica de “política de improvisación” os traballos realizados polo goberno local para a consecución da parcela de Granitos, e afirma que realizan “unha xestión de parches en materia de aparcadoiro”.

Para o PP, que denunciou hai meses, que a falta de aparcadoiro no centro de Ponteareas estaba a agravarse coas novas humanizacións, considera que a

solución na fábrica de Granitos “é unha solución de curto percorrido”, malia recoñecer que “é unha medida necesaria” pero sen compartir “a forma na que se vai a realizar”.

“O goberno local ante as nosas críticas e a dos veciños decidiu sacarse da manga unha solución temporal –di Belén Villar–, que sen dúbida vai ter un curto percorrido. Nesa parcela, cuxa cesión xa está recollida no Plan

Xeral que se aprobou de forma inicial, está contemplada unha praza peonil e unhas zonas verdes, en ningún caso un parking en superficie. Isto quere dicir que no momento que se aprobe definitivamente o Plan Xeral e se desenvolva ese ámbito, o parking anunciado desaparecería”.

Villar lamenta que unha vez máis “se poñan parches e non se pense no desenvolvemento do municipio a longo prazo”, e afirma que “está ben crear novas zonas de aparcadoiro pero teñen que ter un percorrido a longo prazo, non tratarse dun anuncio sen sentido, cando todos sabemos que aí hai proxectada unha praza e

non un parking en superficie. A opción sería traballar na obtención de fondos para realizar un parking soterrado no centro que é o que necesita este Concello e que nós xa estudamos a fórmula e levaremos no noso programa electoral”.

Finalmente asegura que xa “é hora de deixar a política da improvisación e asentar as bases do crecemento da nosa vila”, e afirma que “se en maio contamos co apoio da veciñanza, Ponteareas contará nos vindeiros catro anos cun parking soterrado no casco urbano que poña fin os problemas de tráfico e aparcadoiro no centro do municipio”.

FUCO PRADO



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

ACiP presenta unha moción solicitando a humanización da rúa Redondela

O grupo municipal de ACiP vén de presentar perante o Concello unha moción pola que esixirá ao goberno local o proxecto e a execución inmediata das obras de humanización na rúa Redondela e adxacentes (Pombas, Reixeñor, Gavilán, Merlo e Xilgaro). “Non é este un asunto recente –afirman–, pois lévase demandando hai tempo e é unha das grandes esquecidas dos últimos gobernos que pasaron por Ponteareas”.

“Esta obra de humanización da zona xa a solicitamos ao goberno anterior e non fixo nada; vemos que este vai polo mesmo camiño e non queremos que se demore máis este asunto”, asegura o portavoz de ACiP, Juan Carlos González Carrera.

Tamén apunta a que “estas rúas, ademais de acoller unha importante zona residencial con máis de 350 veciños, son importantes por ser zona de paso diario de moitas persoas cara ao parque das Pombas e tamén porque alí están situadas as dependencias da Policía Local e os Bombeiros de Ponteareas. Por iso entendemos que a actuación, ademais de integral, ten que ser urxente”.

Segundo o representante de ACiP, a reformas da rúa deberían facer especial fincapé en solucionar os problemas de seguridade viaria: “pasos de peóns adecuados e elevados,



con ramplas e iluminación acorde; igualmente debería darse solución ás beirarrúas que actualmente case son inexistentes.”

Respecto destas beirarrúas, Carrera incide en que “non alcanzan o ancho necesario para o tránsito diario de viandantes e supoñen un problema cando se pasa con carriños de nenos ou, máis grave aínda, cando teñen que transitar persoas con mobilidade reducida”.

Para González Carrera a iluminación tamén é outro dos

problemas destas rúas que, insiste, “hai que lembrar que é un viario que une o centro urbano e a estrada provincial; zona pola que pasa todo tipo de tráfico, tamén moi pesado e que é necesario regulalo e limitar a velocidade de moitos vehículos que por alí pasan”.

Para ACiP, non existe inconveniente algún para poder afrontar os traballos. “A obra pódese realizar con fondos do propio concello ou mesmo con fondos europeos e non se debe demorar máis”.

Villar deféndese das críticas de Represas

Perante as críticas vertidas polo alcalde ponteareán, Xosé Represas, acusando a Belén Villar de non ser capaz de aprobar unha Relación Postos de Traballo (RPT), o PP vén de emitir un comunicado no que quere lembrarlle “que a súa oposición destrutiva entre os anos 2011 e 2015 foi unha das causas polas que non se puido aprobar unha RPT”.

Segundo este escrito, o alcalde, “tendo un «non» sempre en cada unha das propostas do Goberno popular”, foi a causa de que moitas cuestións non puidesen saír adiante. Pola contra, “o PP fai unha oposición en positivo, votando favorablemente aquilo que consideramos de interese para os veciños”, afirmaron os populares.

Ademais desta oposición destrutiva o PP atopouse, en plena crise económica, cunhas solicitudes moito máis ambiciosas que as aprobadas. “Lembremos que a RPT requirida polos sindicatos por entón era de 1,1 millóns a aumentar nun ano mentres que a aprobada en decembro supón un aumento de 350.000 euros en tres anos. Sen dúbida a oferta baixou moito, se os sindicatos e traballadores agora están



Belén Villar.

conformes nós alegrámonos, por iso votamos a favor, facemos unha oposición responsable”, precisan.

Circunvalación

Por outra banda, o PP denunciou a “desidia do goberno local en amosar o seu rexeitamento á decisión do Ministerio de Fomento de recortar de 21 a 7 millóns o investimento destinado ao proxecto da circunvalación, e lamenta que Represas, “máis preocupado por abandonar a defensa deste proxecto, perdesse a oportunidade de amosar un apoio unánime por parte de toda a corporación” ao rexeitar unha moción para tratar ese tema en pleno.

O remendón CERRAJERO 

- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado



Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

 **O noso Eido**

Especialidades en: Angulas e Lampreas, Peixes do Río, Choclos a Frío, Bacalao e Kikos a la Brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

 **PINTURAS FERNANDO MIGUEZ**

Rúa Arxentina, 11 - Salceda de Caselas
☎ 886 115 540

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
☎ 986 658 529

Móvil 645 316 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

Os alumnos convirten o CEIP de Leirado nun museo

O CEIP de Leirado foi un dos centros premiados no V Concurso de Traxectoria por proxectos coordinados ou apoiados pola Biblioteca Escolar, convocado pola Consellería de Educación.

O proxecto LeirARTE foi

desenvolvido durante o curso 2017-18 e a súa temática foi a arte en todas as súas manifestacións. O alumnado investigou, visitou obras do noso patrimonio próximo, entrevistouse con artistas e como resultado de seu traballo

realizou diversas producións escritas, audiovisuais e plásticas: maquetas de obras arquitectónicas, murais informativos, versións de cadros de pintores e pintoras galegos, exposicións orais, etc.

Como produto final a escola

converteuse nun museo onde o propio alumnado realizou a visita guiada para familias e público asistente.

Neste proxecto colaborou toda a Comunidade Educativa e contou co apoio do Concello de Salvaterra de Miño.



Obligatorio o chaleco salvavidas nas pesqueiras

A Comandancia Naval do Miño lembrou ao público mediante unha circular que desde o mes de novembro de 2018 é obrigatorio o uso de chaleco salvavidas na actividade de pesca nas pesqueiras do río Miño.

O verán pasado foi publicado no BOP e no Diario da República a norma de pesca para a tempada ao amparo do tratado internacional do regulamento de pesca no tramo internacional do río Miño que afecta as dúas beiras. Como novidade inclúe o obrigado cumprimento da utilización do chaleco salvavidas conforme á norma ISO 12402-5 (100N) na actividade da pesca nas pesqueiras.

Esta norma tamén impón sanción polo incumplimento que van dos 25 aos 240 euros. O uso do casco non será obrigatorio pero aconséllase o seu uso.

Xa fai anos que é obrigatorio o chaleco nos barcos de pesca profesional que van á lamprea desde Tui ata a desembocadura e agora amplíase as 240 pesqueiras do tramo internacional do Miño.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

“Ponteareas farase oír ante o Estado e a Xunta pola circunvalación”

O goberno de Ponteareas advertiu ao Estado á Xunta que “Ponteareas se fará oír dunha vez por todas ante o Ministerio de Fomento e a Xunta pola estafa e a farsa da circunvalación”.

Segundo Represas, “o goberno español, e nos últimos anos tamén a Xunta, leva vinte anos xogando con esta necesidade prioritaria para Ponteareas, convertíndoa nun culebrón cuxos capítulos sempre se emiten coincidindo cos períodos electorais”.

O alcalde e todo o goberno, lembraron que nas últimas dúas

décadas “Estado e Xunta utilizaron a circunvalación de Ponteareas como un timo en forma de promesa electoral. Xa está ben de que utilicen a Ponteareas para os seus intereses políticos e electorais, acusándose ou excusándose según gobernen uns ou outros. Chegou o momento de que Ponteareas se faga respectar e como alcalde e goberno imos actuar de forma contundente”.

As declaracións do goberno de Ponteareas prodúcense ante a decisión do Ministerio de Fomento de reducir a 7 millóns de euros os 21 millóns previstos

nos orzamentos de 2018. Para o Alcalde e a Tenente de alcalde, Chus Garrote esta decisión é “a gota que colma o vaso da paciencia de Ponteareas. O Estado incumpre o seu compromiso e iso é unha fraude. E a Xunta, agora, críticao esquecendo que entre 2012 e 2017, ao igual que nos anos anteriores, o Partido Popular tampouco fixo nada desde o Estado”.

Represas salientou a “unidade e o consenso absoluto en Ponteareas para reivindicar a circunvalación. Todos os días sofremos as consecuencias de



non contar con ela. E non imos seguir agardando outros 20 anos máis”. O alcalde anunciou que “o goberno porase ao fronte dun amplo e potente movemento social que demostrará a forza deste pobo. Estou seguro de que os partidos políticos, cidadáns, empresarios, comerciantes e todos os sectores so-

ciais de Ponteareas seremos unha soa voz fronte ao Estado e a Xunta”. Xosé Represas anunciou a convocatoria dun Pleno monográfico para consensuar unha resposta unitaria e fixar as accións políticas e sociais a emprender “para que a circunvalación pase de falsa promesa a ser unha realidade”.

0 pleno aproba o proxecto de pavimentación do último tramo da estrada a Cillarga

O goberno de Ponteareas levou a pleno o proxecto de pavimentación do último tramo da estrada de Cillarga logrando o apoio unánime da Corporación, o goberno mellorará 840 metros dunha estrada que levaba anos en estado de abandono e que permite acurtar a comunicación cos veciños do barrio de Cillarga.

Esta obra ven a completar as dúas fases anteriores e conta cun orzamento de 64.106€ que o goberno prevé financiar con cargo ao plan Concellos e con fondos propios.

“Unha vez rematada esta obra, ademais do acceso por Ribadetea tamén acceden directamente dende Areas. Esta é unha obra moi demandada pola veciñanza que, tras anos de falta de mantemento por parte dos gobernos do PP, vía como ano tras ano ían quedando sen esta vía de acceso”, explica a Tenente de Alcalde, Chus Garrote.

Por outro lado, o pleno da Corporación aprobou por unanimidade o anexo aos regulamentos internos tanto da escola infantil como da residencia de maiores que regula o uso do comedor por parte do persoal municipal destes servizos.

“É a primeira vez que se regula este servizo que durante anos careceu dunha normativa. A partir da súa publicación no BOP o persoal municipal da escola infantil e da residencia poderá facer uso deste servizo cando se cumpran os criterios establecidos no propio anexo” explica a concelleira de Benestar Social e Igualdade, Verónica Carrera.

O pleno tamén aprobou, cos votos de todos os grupos salvo cos do PP, a proposta do goberno de sumarse á plataforma Stop Vespa Velutina de Galicia. A Concellería de Medio Ambiente que dirixe o Alcalde, Xosé Represas, e a Concellería de Medio Rural, que dirixe Manolo Troncoso en colaboración con máis de seiscentos veciños e veciñas e apicultores organizaron unha campaña de trampeo de vespa para capturar as raíñas os primeiros meses do ano.

Con esta iniciativa de entrega de trampas e líquido atraínte por parte do concello e coas charlas informativas realizadas en todas as parroquias e centro urbano, logrouse reducir o impacto da Vespa Velutina neste verán nun 75% con respecto ao verán do 2017, segundo expresaron moitos apicultores.

Esquerda Unida non apoia a moción sobre a variante de Ponteareas

O pasado día 8 tivo lugar en Ponteareas un pleno extraordinario no que se debateu unha moción conxunta elaborada por todas as forzas políticas con representación municipal, agás EU, na que se reclama ao Ministerio de Fomento a redacción dun novo convenio coa Xunta de Galicia e o Concello de Ponteareas relativo á construción da variante de Ponteareas, que distribuiría o tráfico pesado dende a autovía por toda a bisbarra sen necesidade de pasar polo centro urbán.

Esquerda Unida, a única forza que ficou á marxe desta moción, sinalou que para esta forza política “nunca foi unha prioridade” a construción desta variante. Para esta organización, “a execución de novas vías de transporte sempre deben xustificarse sobradamente, algo que non se da neste caso”. EU reconece que en ocasións se xeran pequenas retencións en horas puntuais no acceso da N120 ao núcleo de Ponteareas, pero sinala que “non estamos ante unha cuestión da máxima urxencia. Ademais, está por demostrar que a construción desta

circunvalación dea solución aos problemas de tráfico da N120. É bastante dubidoso que esta circunvalación que conectaría a saída da A52 na parroquia de Angoares coa N120 na zona do Barral, en Arcos, se utilice o suficiente como para desconxestionar a N120 nin, sobre todo, xustificar a agresión que suporá ao Río Uma, un río incluído na Zona de Especial Protección do río Tea”.

Polo demais, EU considera que se o estado ten que gastar 20 millóns de euros, tal e como estaba consignado nos Orzamentos de 2018 e como se reclama na moción, “estarían bastante mellor investidos promovendo unha mellora do transporte público, algo que no Concello de Ponteareas é moi deficiente e que obriga a utilizar o transporte privado para acceder a calquera tipo de servizo”, e aproveitan para lembrar que “a Xunta de Galicia deixou a Ponteareas fora da Área Metropolitana de Vigo e, consecuentemente, da Área de Transporte Metropolitano, algo que si sería positivo para a mobilidade no noso concello”.

PONTEAREAS

Xosé Represas optará á reelección á alcaldía de Ponteareas polo BNG

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, anunciou a súa intención de revalidar o seu cargo nas vindeiras eleccións municipais do mes de maio tras obter o respaldo da militancia do BNG na localidade.

Nunha carta persoal remitida a todos os domicilios da localidade, o actual alcalde destaca que “foi unha honra ter servido estes catro anos á veciñanza de Ponteareas, desde a humildade e sen distincións” e expresa o seu desexo de “ser de novo merecedor da confianza dos que me apoiaron en 2015, pero tamén dos que confiaron noutros candidatos pensando no mellor para Ponteareas”.

Represas explica que tomou a decisión de presentarse á reelección “movido pola satisfacción do traballo feito e a ilusión polo moito que queda aínda por facer. Comprendo

aos que están insatisfeitos porque agardaban máis. Eu tamén quería e quero máis para Ponteareas”.

O candidato amósase optimista e asegura que “tras poñer orde no desastre que atopamos hai catro anos e sanear o concello, agora virá o mellor. Temos por diante uns anos cheos de enormes posibilidades de avances e melloras para Ponteareas”. Represas advirte que “é moi importante non volver atrás e consolidar o cambio que iniciamos hai catro anos para continuar neste camiño”.

Pola súa parte, o BNG a través do seu Responsábel Local, Nemesio Boente, salientou que Xosé Represas trouxo estes catro anos ao Concello “a honestidade, a honradez, a seriedade e unha nova forma de facer política diferente da que coñecemos durante moitos anos, cando



Ponteareas era coñecida pola corrupción e o amiguismo”. Para o Bloque, Represas é o artífice “dun goberno que foi exemplo de unidade, dando a Ponteareas a súa maior estabilidade das últimas décadas, deixando atrás os tempos de gobernos de conveniencia enredados en liortas internas por intereses persoais”.

Por último, Boente cualifica de “meritorio e extraordinario”

o traballo do goberno presidido por Represas porque “a pesar de atopar un concello arruinado e en bancarrota, foi capaz de sanear a economía municipal, poñer fin ao despilfarro, apoiar economicamente a todos os sectores e colectivos sociais como nunca antes ocorrera, mellorar os servizos públicos e atender as necesidades prioritarias das e dos ponteareáns”.

O calendario 2019 rende homenaxe aos deportistas

O goberno de Ponteareas presentou o Calendario Galego de Ponteareas para o 2018.

Os doce meses do ano renden homenaxe aos e ás deportistas ponteareáns, dende o noso gañador da Volta España, Álvaro Pino, aos irmáns Teixeira, a taekwondista Pilar Gallego e moitos outros nomes de deportistas de antes e de agora que demostran que en Ponteareas hai unha moi boa canteira en calquera modalidade, hockey, balonmáns, atletismo, natación, bádminton, tenis...

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e concelleira de Cultura Hortensia Bautista queren con este pequeno homenaxe fotográfico pór en valor aos nosos e nosas deportistas e trasladan a todos os que se esforzan a diario de xeito individual ou arroupados por un club esta homenaxe.

Óptica mahen
mahen audiotrónica
Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

MISCELANEA

Redacción

A Deputación aproba as bases para os préstamos sen xuros a concellos de menos de 50.000 habitantes

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra vén de aprobar as bases de 2019 para a concesión de préstamos sen xuros, por concorrencia competitiva, para os concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, cun crédito inicial dun millón de euros. Estas achegas teñen por obxectivo facilitarlle aos concellos unha fonte de financiamento adicional co que poder afrontar, preferentemente, a execución de investimentos e, excepcionalmente, as operacións de tesourería para facer fronte a desfases transitorios ou necesidades urxentes.

Para financiar este programa, a Deputación de Pontevedra disporá no ano que ven dun crédito inicial dun millón de euros, que pode ser ampliado. Ao igual que ocorre dende 2016, cando o actual goberno chegou á institución, estes préstamos concédense sen xuros, comisións nin gastos doutro tipo, algo que non acontecía anteriormente cando se fixaban intereses situados no entorno dun 2%.



Tal e como se establece poderán concederse créditos para dúas finalidades: unha liña para Investimentos e outra para Operacións de Tesourería. Unha vez que as bases se publiquen no BOPPO os concellos interesados terán 20 días hábiles para presentar as súas solicitudes. Poden acollerse a esta iniciativa os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes e que cumpran cos demais requisitos fixados nas bases: ter aprobado o orzamento para o exercicio corrente, ou no caso de prórroga, cumprir co previsto na lexislación; non ter pendentes de pagamento cotas de amortización de préstamos contraídos coa Deputación; así como cum-

prir cos previstos legais no relativo á concertación de operacións de crédito. A través destes préstamos, o importe máximo que se pode conceder é do 90% do custe do investimento ou actuación, sen que supere os 400.000 euros.

Dende o ano 2016, a Deputación de Pontevedra ten investido máis de 4 millóns de euros neste programa de concesión de créditos a entidades locais. Nos últimos tres anos beneficiáronse destes créditos preto de 20 concellos da provincia: Catoira, Fornelos de Montes, A Guarda, Oia, Nigrán, Ponte Caldelas, Arbo, Pontearreas, A Lama, Poio, Valga, Cuntis, Vilanova de Arousa, Salceda de Caselas, Silleda, Pazos de Borbén e A Cañiza.

O BNG de Redondela esixe a Javier Bas que presione para a construción dun novo Peirao en Cesantes.

Dende a organización nacionalista amosan "a súa decepción polo rexeitamento do PP, a habilitar unha partida económica para a construción dun novo Peirao sobre pilotes en Cesantes". Refírense á emenda prantexada polo BNG aos orzamentos da Xunta para o ano 2019 e que non contou co apoio dos parlamentarios populares, algún deles de Redondela.

Segundo expuxo o Responsábel Local, Anxo Lusquiños "tratase dunha demanda que ano tras ano, prantexamos aos orzamentos da Xunta, co fin de garantir o futuro do sector e mellorar a calidade medioam-

biental de toda a contorna.

Recordan como xa no 2011 e coincidindo coa presentación da candidatura de Javier Bas a alcaldía de Redondela, o Partido Popular presentaba un macroproyecto cun orzamento de máis de 6 millóns de euros, para a recuperación medioambiental e revitalización económica da contorna do peirao.

No proxecto recollíanse diversas actuacións, nas que se incluía esta obra coma unha das máis urxentes, cun custe estimado de 1,5 millóns de euros. "Unha promesa, unicamente eleitoralista, do candidato Javier Bas" lamentan.

Logo de comprobar que nos

orzamentos da Xunta para este ano 2019, a única partida que aparece a estes efectos é unha cantidade de 200.00 euros, en concepto de: Estudos previos ao proxecto, a mesma que aparecía xa no 2018 e non se fixo nada, consideran os nacionalistas que o Partido Popular está a xogar o de sempre, enganar con partidas en abstracto para deixar pasar o tempo

Acusan a Javier Bas de pregar os intereses do seu partido e de non actuar con responsabilidade. "Emprazamos a que Javier Bas faga valer de verdade o peso do alcalde do cuarto concello de Pontevedra", diante do seu partido.

Bueu aproba as subvecións culturais e deportivas



O Concello de Bueu resolve a concesión das subvecións a asociacións culturais e deportivas do ano 2018, logo de que o pasado mércores se reunise a Comisión de Valoración, na que están representados todos os grupos políticos da corporación.

As axudas para actividades culturais e escolas de música suman 29.650 euros, que se repartiron entre doce colectivos. Así, Retrouso de Cela recibe un total de 6.225,85 €; a Banda de Música Artística de Bueu, 5.161,01 €; San Marcos de Beluso, 1.824,82 €; o Club Golfiños, 1.642,34 €; a Asociación Cultural Meiro, 2.372,26 €; a Coral Marusia, 1.642,34 €; a Coral Acordes, 1.200 €; a Coral Polifónica de Beluso, 1.369,84 €; a Comisión de Festas de Cabalo, 1.824,82 €; a Comisión de Festas de Bueu, 2.372,26 €; a Banda de Gaitas Manxadoira,

2.372,26 €; e a Comisión de Festas de Meiro, 1.642,34 €. Segundo consta no anuncio, quedaron excluídas a Asociación Cultural Pineirons, a Asociación de Viticultores San Martiño de Bueu e a Asociación Cineclub.

Para deportes concedéronse un total de 29.500 euros, que se repartiron entre once clubs. Concretamente, o Bueu Atlético Balonmán percibiu 6.653,89 €; a Escola Fútbol Base de Beluso, 1.356,18 €; Aero Dron, 143,40 €; a Agrupación Deportiva F. S. Bueu, 3.310,56 €; o Club Náutico Beluso, 721,11 €, o Club Deportivo Bueu, 5.400,14 €; Club de Mar Bueu, 4.158,68 €; o Club Cultural Deportiva Beluso, 3.417,08 €; o Club Corredoiras, 844,03 €; o Club de Loita do Morrazo, 2.224,79 €; e o Club de Xadrez, 1.270,14 €. Neste caso, só o Club Triatlón Morrazo quedou excluído.

Bueu licita a defensa xurídica

O Concello de Bueu vén de abrir o prazo de presentación de ofertas para a licitación do servizo de asistencia letrada, defensa xudicial e representación procesal. Segundo consta no anuncio publicado no Perfil de Contratación, o orzamento ascende a 87.120 €, IVE incluído, e a duración do contrato sería por catro anos.

O prazo de presentación de ofertas por parte das em-

presas interesadas esténdese ata o 11 de xaneiro de 2019, e os criterios a valorar serán cualitativos (memoria organizativa, metodoloxía, organización proposta do servizo...) e cuantitativos (mellor prezo económico ofertado).

Entre as funcións deste servizo están a asistencia letrada e consultoría do Concello nos procedementos de calquera instancia e ante os Xulgados e Tribunais e a emisión de informes xurídicos.

O servizo de baleirado de fosas sépticas xa está disponible

O Consorcio de Augas do Louro pon en marcha o servizo de baleirado de fosas sépticas e pozos negros para aquelas vivendas que non dispoñan de redes de sumidoiros próximas.

Os interesados en recibir este servizo, poden acudir dende este momento ás oficinas do Consorcio nos Concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui para cubrir o modelo de solicitude que se lles facilitará nese momento, xunto coa carta de pago por un importe de 110,95 €. Unha vez acreditado o ingreso, o Consorcio porase en contacto co solicitante para fixar o día e hora do baleirado.

Os lodos extraídos serán logo transportados á estación depuradora de Guillarei, onde o Consorcio se encargará da súa depuración xunto co resto das augas residuais que chegan diariamente a través dos sumidoiros. Este servizo obrigatorio leva consigo o pago da taxa anual de depuración por un importe de 46,80 €, que poderá ser abonada en seis bimestres mediante domiciliación bancaria. Deste xeito, o importe total a pagar para o primeiro baleirado anual será de 157,75 €, mentres que o segundo e seguintes baleirados anuais custarán unicamente 110,95 €.

A ordenanza que regula este prezo público contempla a exen-



ción do pago do primeiro baleirado anual para aqueles fogares en situación de especial vulnerabilidade, sendo necesario o informe dos servizos sociais do Concello no que resida o solicitante.

A iniciativa para prestar este servizo xurde logo da proposta dos alcaldes dos Concellos consorciados, vista a necesidade de dar unha alternativa de saneamento real e viable para aquelas vivendas que, a día de hoxe, non teñen posibilidade de conectar ás redes de sumidoiros.

Representantes dos Concellos cos gañadores do concurso de debuxo infantil de 2018

O servizo prestarase de xeito uniforme nestes catro Concellos mediante unha ordenanza única e co mesmo prezo público. A ordenanza regula tamén os pre-

zos polos servizos de limpeza e desentullo de canos e desaugadoiros e serán aplicados unicamente no caso de que os usuarios soliciten eses servizos.

A través deste modelo de xestión de verteduras non canalizadas o Consorcio pretende garantir o acceso universal ao servizo de saneamento para todos os veciños, coas mesmas garantías sanitarias e a un nivel de prezos comparable co do servizo de sumidoiros e depuración convencional o que, sen dúbida, repercutirá nunha melloría na calidade das augas dos pozos ou mananciais.

O texto completo da ordenanza reguladora do prezo público así como os modelos de solicitude poden consultarse na web do Consorcio www.consorciodolouro.es

A Xunta do Partido Popular vota en contra de incluír nos Orzamentos do 2019 proxectos importantes para Salceda

O Goberno local de Salceda de Caselas expresou a súa indignación polo feito de que, os Orzamentos 2019 da Xunta de Galicia, “deixen fora proxectos importantes para o conxunto da cidadanía”. Ningunha das emendas presentadas polo grupo parlamentar de En Marea a petición de Movemento Salceda, foron tidas en conta para ser incluídas nas contas autonómicas para o vindeiro ano, o que deixará fora a realización de proxectos “de calado para o desenvolvemento do municipio e para a mellora da calidade de vida dos seus veciños e veciñas”, sinalou o alcalde, Marcos Besada.

Nas emendas presentadas por En Marea a petición Movemento Salceda de cara a ser recollidas nos Orzamentos da Xunta, incluíanse actuacións a realizar por Augas de Galicia, Consellería de Infraestruturas e o Consorcio Galego de Benestar.

Así, no que a Augas de Galicia atinxe, solicitábase a inclusión dos saneamentos de Entenza e Soutelo (2.110.384,67 €), Barroqueira-Carballal (89.394 €), Fraga (21.599 €), CotoPicón (12.959 €), Coto-O Río (17.279 €) e Revolta (35.683 €).

No que fai referencia ás actuacións da Consellería de Infraestruturas, incluíase a urbanización do enlace da Gándara entre a PO-512 e Avenida de Galicia e a remodelación do enlace da PO-510 coa PO-411 na Laboela, que suporían un investimento de 500.000 euros en cada unha delas.

Finalmente, solicitábase ao Consorcio Galego de Benestar a escola infantil de catro unidades na rúa Mártires de Sobredo (690.252,41 €).

O alcalde de Salceda, Marcos Besada, lamentaba “o silencio do Partido Popular de Salceda que é incapaz de antepoñer os intereses comúns dos veciños e veciñas de Salceda aos seus propios intereses partidistas”.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

LOURINHA

O PORRIÑO

A Alcaldesa cualifica de “acto de deslealdade” que o Conselleiro non comunicase ao Concello a visita ao Centro de Saúde

Eva García de la Torre cualifica de “acto de deslealdade institucional” e “falla de respecto as porriñesas e porriñeses”, o feito de que o conselleiro de Sanidade visitase este venres o Centro de Saúde da vila e, “nin invitase nin tan sequera o comunicase á alcaldesa e ao Goberno municipal”.

A alcaldesa lembra que cando o presidente Feijóo estivo no Porriño facendo campaña electoral para o seu partido ela saíu a saudalo, “como entendo que é a miña obriga, posto que, aínda que defendamos diferentes ideas dende distintos partidos, considero que é tamén o meu presidente”.

A xuízo de García de la Torre, é unha “indignidade” que o conselleiro leve máis dun ano sen responder ás solicitudes dunha entrevista feitas polo Goberno municipal, “mesmo borrando sen abrir os correos electrónicos que se envían á Consellería”, e que veña a O Porriño e non teña “nin a mínima cortesía e educación” de comunicalo ao Concello, “e así o faremos constar por escrito nunha carta que remitiremos ao Goberno de Galicia”.



Á xuízo da alcaldesa, que este venres o señor Vázquez Almuiña anuncie que pode que dentro de dous anos empecen as obras de ampliación do Centro de Saúde do Porriño “é, sen máis, unha falla de vergonza e unha tomadura de pelo”, aínda máis considerando que hai tres anos e medio a anterior conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera e o anterior alcalde do Porriño, Nelson Santos, os dous do Partido Popular, anunciasen exactamente o mesmo que fixo hoxe o señor Vázquez Almuiña.

Á vista está que no primeiro caso non cumpriron a súa palabra e, no de hoxe, no mellor dos casos, as hipotéticas obras de ampliación das que falou este venres o conselleiro, empezaría, cando menos, 5 anos despois do compromiso da Xunta coos veciños do Porriño.

Comenzaron as obras para solucionar as filtracións de auga no edificio da fase V de Torneiros

Eva García de la Torre vén de asumir, persoalmente, a solución ao “gravísimo” problema de filtracións de auga que están a padecer, dende hai anos, os veciños dun edificio da Fase V de Torneiros.



A alcaldesa do Porriño, que visitou varias veces o lugar e mantivo entrevistas e xuntanzas cos habitantes do inmovible, comprobou que, tal e coma sinalan os informes dos técnicos municipais, o “estado da terraza é desastroso, hai lousas soltas, co perigo que supón para os nenos que xogan aquí, a impermeabilización está esnaquizada, os garaxes anéganse os días que chove, a varanda que hai sobre eles está enferruxada e case solta e as filtracións poden chegar a causar problemas na propia estrutura do edificio”.

294.000€ de orzamento e 3 meses de execución

Tal e coma adiantara aos veciños, e “cumprindo un compromiso persoal que asumirá con eles”, García de la Torre sinala que o Concello aprobou, por vía de urxencia, destinar 294.000€ ao arranxo destas

deficiencias.

Este orzamento abrangue, subliña a alcaldesa, a demolición completa da varanda e a súa substitución por unha nova; o cambio total da cuberta, incluída a capa de impermeabilización; o corte perimetral das paredes exteriores do edificio ate unha altura de 35 centímetros, para rematar con calquera tipo de filtración; a escavación e aterrado dos xardíns ate atopar a “cabeza da forxa” para o seu cambio integral, a colocación de impermeabilizacións bicapa nas partes en pendente de uso peonil e a impermeabilización do muro soterrado.

O prazo de execución dos traballos terá unha duración estimada de tres meses, “hai que ter en conta que os días de choiva non será posible traballar, polo cal o seu remate pódese atrasar, aínda que está previsto o seu remate en ese tempo.

Aberta a inscrición para formarse no sector metalúrxico a persoas do Porriño menores de 30 anos

Se tes menos de 30 anos e baixa cualificación profesional, debes saber que a Asociación de Industriais Metalúrxicos (ASIME) ven de asinar un convenio coa Concellería de Emprego e Formación, dirixida por Soledad Girón, para desenvolver no O Porriño o Programa Integrado de Emprego de Galicia, impulsado pola Consellería de Economía Emprego e Indus-

tria, e o Ministerio de Traballo Migracións e Seguridade Social, que formará a 20 persoas no sector metalúrxico.

O obxectivo deste programa é a reinserción laboral de, a lo menos, o 45% dos participantes no mesmo, elaborando para cada persoa un itinerario personalizado personalizado, dacordo coas súas demandas e características.

As principais liñas de forma-

ción serán: Soldadura, Tubaxe Industrial, Interpretación de plano; Fabricación e Montaxe de Estructuras Metálicas, Tratamento de Superficies, Operacións Auxiliares de almacenaxe, Carretilleiro e Mantemento.

Se estás interesado/a en formar parte deste programa formativo podes inscribirte no mesmo chamando ao teléfono 986 41 07 27.



O PORRIÑO

O Porriño ten 1 millón e medio de metros cadrados de chan industrial disponible e esixe que se axilice a burocracia



A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, e o concelleiro de Industria, Marcelino Coto, mantiveron unha xuntanza con representantes do Foro de Empresarios de Galicia coa finalidade de tratar a necesidade do aproveitamento de chan industrial nos polígonos do Porriño.

García de la Torre salientou que O Porriño conta con 1 millón e medio de metros cadrados de chan industrial dispoñíbeis e subliñou a “necesidade urxente e perentoria” de que se atope xa o xeito de axilizar os trámites burocráticos que teñen que cumprir as empresas para poder radicarse na vila.

A xuízo da rexedora, a proliferación de organismos dependentes da Xunta de Galicia e os prazos, cumplimentacións, requisitos e moitas veces formalidades case interminábeis de ‘papeleo’, fan que haxa compañías que opten por Portugal onde a tramitación de permisos é “moitísimo máis áxil”.

A alcaldesa, que está a manter contactos con diferentes entidades e asociacións privadas e organismos públicos para reactivar a chegada de novas empresas á vila, coincidiu cos empresarios en que hai unha “importantísima demanda de chan industrial” municipal no Porriño e que é “xa inaprazá-

bel” poñelo canto antes a dispor das compañías que o están a solicitar.

Neste eido, Concello e empresarios traballarán xuntos nunha estratexia na para afrontar, ademais das dificultades que representa o poder dispor de chan, o facer que O Porriño, “seguramente a primeira zona industrializada de Galicia”, conte con comunicacións e servizos máis acaídos e demandados polas empresas e deste xeito poder contrarrestar o feito de que a presenza de empresas galegas nos parques industriais do norte de Portugal chegue ata o 50 por cento de ocupación das mesmas.

A alcaldesa acompaña aos veciños da Vaquería, na súa manifestación na P0-510



A alcaldesa, Eva García de la Torre, manifestouse na estrada P0-510, xunto coas veciñas e veciños do barrio da Vaquería, na parroquia de Budiño, para esixir, de novo, á Xunta de Galicia, que dea una solución aos porriñeses que viven neste barrio, “que fica dividido por unha liña continua na estrada que fai imposible aos coches xirar para chegar ás casas ou negocios e cruzar aos peóns”.

García de la Torre lembrou que “hai xa máis de 6 meses que os responsábeis da Xunta comprometéranse a estudar á proposta dos habitantes desta parte do Porriño para rematar con esta situación e ata hoxe

non deron sinais de vida”.

Neste senso, mantivo unha xuntanza, no Concello, con representantes dos veciños para, con axuda dun técnico municipal, deseñar, de novo, unha alternativa que presentar ao Goberno de Galicia para dar solución a un problema que alóngase xa máis de 5 anos.

Esa alternativa, como estudaron na reunión, pasa pola colocación de varios semáforos, “que fagan posible a redución da velocidade nunha vía moi transitada” e a situación de pasos de cebras que permitan que os veciños, “que teñen fincas ás dúas beiras da estrada” poidan cruzar con seguridade.



LOURIÑA / BAIXO MIÑO

O PORRIÑO / TUI

Rematada a reforma dos parques infantís de Torneiros e Atios cun investimento de 90.000€

Alcaldía segue adiante coa reforma e o arranxo dos parques infantís do Porriño que, en algún caso “ou ben estaban obsoletos ou en moi mal estado ou totalmente abandonados dende hai anos”, como sinala a alcaldesa, Eva García de la Torre.

Dous deles están xa rematados, son os do Centro do Centro Social e Cultural de Atios, ao que o Concello destinou un orzamento de 40.000€, e o da Fase I de Torneiros, que contou cun investimento de 48.176,11€.

Atios

O de Atios, no que os traballos empezaran o pasado mes de novembro, dispón dunha nova pista ‘polideportiva’ para

a práctica de fútbol, balonmán ou baloncesto; novos bambáns, na zona infantil, que conta cun nova chan de chan de caucho para garantir a seguridade das cativas e cativos, e un parque de actividade bio-saudábel para adultos.

Fase I Torneiros

No caso da Fase I de Torneiros, “foi precisa unha reforma integral”, subliña a alcaldesa, “á vista do seu total deterioro e abandono dende hai moitos anos, coma denunciaran as veciñas e veciños”.

Neste caso fíxose, practicamente, unha nova ‘soleira’ de formigón; colocáronse planchas de caucho; retiráronse e renováronse os xogos e bambáns; acometeuse unha reparación



“completa” de fendas e crebas; aplicouse na súa totalidade un novo revestimento, colocouse unha varanda de aceiro inoxidable, .

Nas vindeiras semanas, subliña a rexedora, procederemos a habilitar unha zona reservada a pista de skate na que se establecerá un horario de uso

para non causar molestias aos veciños.

Máis obras

A alcaldesa adianta que esta iniciativas terán continuidade nas vindeiras semanas noutros parques da vila e súmanse ás xa realizadas no Parque da Urbanización do Sol, no investíronse preto de

22.000€ para arranxar todos os bambáns, colocar un deles para persoas con diversidade funcional e a instalación dun chan de caucho.

Tamén rematouse o do Campo da Feira, que contou cun orzamento de 4.173€; o Parque Lamazares, detrás de Correos, no que se cambiaron os seus elementos investindo 4.655€; o de San Diego, no que ademais colocouse un chan de caucho continuo, logo de facer unha inversión de 1.952€ e o de Torneiros no que, cun investimento de 9.181€, ademais dos distintos xogos, se arranxaron os bancos, as varandas, o valado de madeira e adaptouse para persoas con diversidade funcional.

O desentullo da zona de cero de Paramos comeza na segunda semana de xaneiro

Na segunda semana de xaneiro comezarán os traballos de desentullo na zona cero de Paramos afectada pola explosión do pasado 23 de maio. O alcalde, Carlos Vázquez Padín, o concelleiro de Obras, Antonio Castro, o arquitecto municipal, Pablo Rivas, o redactor do proxecto de desentullo, Francisco Valle, e o responsable da empresa adxudicataria, Ricardo Abal, visitaron a zona cero para estudar o plantexamento para iniciar a obra.

A primeira semana de xaneiro dedicárase a tramitación administrativa precisa coa presentación do plan de desamiantado, que deberá aprobar o ISSGA, e de Seguridade e Saúde, que debe informar o coordinador de Seguridade e Saúde e aprobar o Concello. A continuación comunicárase a apertura do centro de tra-



ballo e asinarase a acta de reformulo.

A segunda semana de xaneiro comezarán xa as obras propiamente ditas que terán un prazo de execución de dous meses.

Os traballos levaranse a cabo nunha área de 25 mil metros cadrados onde se retirará todo o entullo, se demolerán tres segundas plantas de vivendas con risco de desplome e se actuará sobre os muros que

dan cara viais públicos.

A corporación municipal aprobou en pleno ordinario por unanimidade a adxudicación dos traballos por vía de emerxencia á empresa Demoliciones y Desamiantados de Galicia S.L. por importe de 753 mil euros. Tamén por unanimidade foi aprobada a moción para habilitar o crédito preciso para costear o desentullo por parte do Concello de Tui.

Quedan prazas vacantes no curso de Deshabitación Tabáquica

Quedan prazas vacantes no curso de Deshabitación Tabáquica que organiza o Departamento de Prevención de Drogodependencias do Concello de Tui en colaboración coa Asociación Española Contra o Cancro.

Trátase dun programa de axuda específica e personalizada para facer fronte ao complexo proceso de abandono, que brinda apoio técnico, consellos, compañía e recompensas. Vense celebrado en Tui dende 2010.

O curso consta de 7 sesións cunha duración de hora en media cada unha, impartidas en horario de tarde. Durante o mes de xaneiro farase unha primeira entrevista coa terapeuta, e xa o curso propiamente dito dará comezo o día 24 de xaneiro na Área Panorámica.

As persoas interesadas, que deben ser maiores de 18 anos, pódense inscribir nas dependencias de Servizos Sociais, no correo paula.ssociais@concellotui.org ou no teléfono 986 60 36 25.

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO

DIARIO DE GALICIA

O Concello inviste 327.000 euros para o asfaltado dunha trintena de camiños de Tomiño

O Concello de Tomiño vén de resolver o procedemento de contratación para levar a cabo o Plan Municipal de Mellora de Asfaltados da vila, que contempla a realización de obras de mellora en 28 camiños rurais de once parroquias do municipio e que contará cun investimento de 327.000 euros a cargo do Plan Concellos.

A intervención comezará a finais de xaneiro ou principios de febreiro e consistirá, fundamentalmente, en repoñer e mellorar a capa de rodadura de estradas e camiños, colocar en cota as tapas dos sumidoiros e ampliar a rede de recollida de augas pluviais con novas canalizacións, segundo as necesidades de cada lugar.

A licitación foi adxudicada de forma provisional á empresa COVSA, pendente da formalización do contrato. En total sete empresas presentaron sete ofertas para optar ao procedemento de contratación dos asfaltados destes camiños.

Segundo explica o concelleiro de Vías e Obras, Francisco Campo, a maior parte



das obras de arranxo da base de rodaxe dos camiños vén motivada polo deterioro e polas malas condicións nas que quedaron algunhas rúas tras as obras de acometida, abastecemento, saneamento, recollida de pluviais, senda... que foron realizadas anteriormente en zonas como, por exemplo, o barrio da Rocha. "Intentaremos seguir mellorando. Sabemos que aínda queda moito traballo por facer, pero dámoslle prioridade as reparacións nestes camiños porque son os definitivos, nos

que non se farán máis obras", asegurou Campos.

Todas estas obras teñen como finalidade mellorar as condicións de mobilidade, accesibilidade e circulación nas distintas rúas e camiños de Tomiño, co conseguinte incremento da seguridade vial para peóns e automóviles.

Por outra banda, investíronse case 40.000 euros na construción de lombos de redución de velocidade na zona de Vilachán.

Curso de escaparatismo

Tomiño acolle este mes de xaneiro o curso de escaparatismo 'O ben feito ben parece', unha actividade formativa organizada pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eural, entidade responsable da execución da Medida Leader 2014-2020, e que ten como obxectivo principal axudar a crecer e mellorar o comercio local, dando ferramentas á todas as persoas participantes para mellorar as vendas dos negocios e facelos máis competitivos e de éxito.

Centrado na comercialización de produtos tanto do sector primario como doutros sectores, este curso de 36 horas de duración impartirase os días 14, 15 e 16, 21, 22 e 23 e 28, 29 e 30 de xaneiro de 16.30 a 20.30 horas. Todas as persoas interesadas en participar poden inscribirse de balde a través da web de Eu Rural (eurural.org), dirixíndose ao apartado denominado Escola e enchendo o formulario on line.

Destinado a persoas emprendedoras e comercios locais, así como a calquera persoa interesada, este curso servirá para que todos e todas as participantes adquiran coñecementos vinculados ao escaparatismo, á presentación do produto, á paquetería comercial e ao visual merchandising.

Un equipo da Universidade de Vigo investigará o proxecto de arte urbana «A Guarda Escrita nas Estrelas»

O Concello da Guarda, a Universidade de Vigo e os artistas Nuvi & éx-fico, veñen de asinar un protocolo de colaboración para a realización dun estudo para a toma de mostras para unha investigación científica sobre materiais e posibles fenómenos de degradación no proxecto «A Guarda escrita nas estrelas» de pintado do espigón norte de abrigo do Porto da Guarda.

Esta investigación forma parte do proxecto CAPuS – Conservation of Art in Public Spaces, que a Universidade de Vigo está a realizar sobre arte urbana, particularmente muralismo contemporáneo, que inclúen a creación de documentación fotográfica e au-



diovisual relacionada co patrimonio artístico público.

As accións que o equipo da Universidade de Vigo, no marco do proxecto CAPuS levará a cabo nestas obras pictóricas consistirán en: documentación fotográfica e au-

diovisual do obxecto e as súas futuras formas de deterioración, mostraxe de materiais (pinturas e soportes), a análise científica das mostras anteriores con distintas técnicas analíticas para caracterizar os fenómenos de degradación,

estudo das variacións dos parámetros da cor na obra pictórica durante o tempo (cada 30 días, ata polo menos un ano e medio), a avaliación de diferentes protectores na obra pictórica, a través da aplicación deles en pequenas áreas na obra e do control das variacións de cor ao longo do tempo.

A reprodución dos resultados provenientes das actividades anteriores en diversos medios de comunicación na web do proxecto (www.capusproject.eu), na web da universidade (www.uvigo.es) en revistas científicas de acceso aberto, debates, espectáculos, conferencias e eventos, só cando a finalidade é exclusivamente docente e investigador a nivel institucional.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Finca de Fínola xa forma parte do patrimonio da Guarda

O Concello da Guarda ven de ultimar a adquisición da Finca de Fínola despois de realizar os trámites notariais na mañá do venres día 28 de decembro de 2018. O alcalde, Antonio Lomba, manifestaba, despois de asinar a escritura de compra-venta, a súa satisfacción polo éxito desta operación que comezou a fraguarse a primeiros de 2018 e que considera moi importante para o presente e futuro da Guarda.

Coa compra desta finca A Guarda gaña un novo espazo público de 3.247,71 metros cadrados, entre os xa existentes da Alameda e do Centro Cultural. Esta parcela, en pleno casco urbano, poderá adicarse a espazos verdes e dotacionais, unha necesidade na Guarda dada a escaseza de chan público en relación a densidade de poboación, que mellorará, sen dúbida, a calidade de vida dos veciños e veciñas do municipio.

Deste xeito o Concello da Guarda ven de asegurar un espazo público libre, en pleno casco urbano, destinado ao lecer da veciñanza que nun



futuro podería formar parte dunha ampla zona común formada pola Alameda, Fínola e o Centro Cultural.

Desta maneira as sucesivas corporacións municipais terán a oportunidade de decidir o uso máis conveniente deste espazo, tendo en conta os intereses xerais e sen necesidade de agardar polo desenvolvemento urbanístico desa zona, evitando a construción privada na finca obxecto da compra.

Neste momento a finca de Fínola está habilitada como aparcadoiro de vehículos no centro urbano, pero nun futuro próximo este espazo oferta distintas posibilidades, coma zona de esparcemento e dotacional, por exemplo, para a construción dun Auditorio, entre outras.

A finca de Fínola levaba 25

anos dentro dun PERI sen que se avistase, polas informacións que teñen os responsables municipais, o desenvolvemento urbano deste espazo a curto ou medio prazo. A parálise na urbanización deste chan por parte dos propietarios e a imposibilidade de executala dende o concello, ademais do prezo negociado, motivaron a decisión de mercado polo concello da Guarda por un importe de 280.000 €, menos dunha terceira parte do que se pagou a última vez que se vendeu.

Unha vez incorporado como chan público, dende o concello pode modificarse o uso deste terreo, mediante unha modificación puntual do plan xeral, para aquel que sexa máis conveniente para cubrir as necesidades da Guarda.

O BNG considera un respilfarro a compra da finca de Fínola

O Bloque Nacionalista Galego lamenta o paso dado polo Goberno municipal do PSOE adquirindo a Finca de Fínola por valor de 280.000 €.

Desde o primeiro momento o BNG alertou ao Concello de A Guarda e a cidadanía de que a compra da finca de Fínola, de levarse a cabo, sería un auténtico despilfarro.

O BNG sustenta tal afirmación en que co desenvolvemento do PERI nº 5, o Concello faríase con estes terreos e aproximadamente 2.000 máis localizados neste PERI sen custes para o Concello.

Segundo informa o portavoz nacionalista Anxo Baz "o informe do propio interventor do Concello coincide coa posición do BNG e iso sabémolo todos os que estivemos no pleno".

Anxo Baz tamén afirmou que "coa adquisición de Fínola soamente cambia o propietario da finca, o uso vai ser o mesmo. Que vantaxe saca o pobo da Guarda? Onde había un parking, seguirá habendo un parking."



Para xustificar o inxustificable o Alcalde agora enrédase falando dunha modificación do PXOM para facer un auditorio en Fínola. A principio da lexislatura falaba dun auditorio no Castelo de Sta. Cruz.

Ademais da falta de claridade de ideas do Alcalde da Guarda e da ausencia dun proxecto claro para a Guarda seguimos sen entender quen son os grandes beneficiarios desta operación urbanística.

O BNG considera que eses cartos ben poderían investirse en política social, en cultura, en deporte, promoción turística, etc, mentres se lles din á veciñanza, ás asociacións, aos diferentes colectivos que non hai diñeiro.

Ignacia Cadilla, a terceira muller de máis idade de Galicia, cumpre 109 anos

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba e a concelleira de Servizos Sociais, Teresa Vicente, visitaron a Ignacia Cadilla, que ven de celebrar o seu 109 cumpre anos.

Ignacia Cadilla recibiu aos representantes municipais, acompañada dos seus familiares e agradeceu a súa visita, recordando o paso das procesións pola súa rúa, que acostuma a ver dende as ventás da súa casa na Rúa Hernán Cortés.

Segundo comentou a súa familia, Ignacia ten moi boa saúde, aínda que o pasado mes tivo un pequeno susto, malia uns problemas de mobilidade, Ignacia e os seus familiares agardan celebrar os seus 110 anos o ano que ven. Segundo os datos do Instituto Nacional



de Estatística, Ignacia é a terceira persoa de máis idade de Galicia.

A representación Municipal entregoulle unha placa conmemorativa, así como un ramo de flores e unha tarta, e desexaron poder volver visitala para darlle os parabéns nos próximos anos.

Continúa a programación formativa de «Comercio Innova Plus»

O Concello da Guarda continúa neste mes de xaneiro as actividades do programa formativo "Comercio Innova Plus", dirixido especialmente a comerciantes e empresarios da vila.

Para o mes de xaneiro de 2019, están previstas 3 sesións formativas, a primeira delas o luns 14 de xaneiro ;temática: "Novas tendencias en deseño de espazos comerciais", a segunda o 21 de xaneiro ás 16:45h con "Innovación no cara a cara co cliente"; para rematar o 28 de xaneiro de 15:00h.

Para rematar o luns 28 de xaneiro, na Casa dos Alonsos, charla sobre «Compartindo Talento: Xuntos chégase máis lonxe» a cargo de Mariem Filgueira Pérez.

Todas as actividades son de balde e non é necesaria a realización dunha inscrición previa.

Constitúen a continuación do programa «Comercio innova», que rematou en xuño do ano pasado e no que se traballou cos establecementos comerciais da vila para optimizar a súa xestión e facelos máis competitivos.

A GUARDA

A Guarda solicita unha subvención de 900.000 € para renovar o alumeado público

O día 20 de decembro tivo lugar un Pleno extraordinario no que se acordou aprobar a participación do Concello da Guarda no programa de subvencións para la renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior convocada mediante Real Decreto 616/2017, segundo o cal o Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía (IDAE), será o encargado de xestionar ditas subvencións.

No devantido pleno acordouse dotar financiamento para poder acometer a obra de renovación do alumeado público exterior do municipio por importe de 919.452,02 euros IVE engadido.

Aprobouse deste xeito a Memoria descriptiva das actuacións a realizar denominado "Proxecto de renovación, mejora de la eficiencia energética y adaptación al Reglamento de Eficiencia Energética R.D. 1890/2008 del alumbrado público del Concello de A Guarda" e o inicio da tramitación e execución do proxecto.

Con ausencia da concelleira non adscrita, estes puntos da orde do día foron aprobados na sesión plenaria deste xoves cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista e a abstención do resto de grupos con representación na Corporación Municipal.

O Concello da Guarda solicita levar a cabo a execución do proxecto "Proxecto de renovación, mellora da eficiencia enerxética e adaptación ao regulamento de eficiencia enerxética R.D. 1890/2008 da iluminación pública do Concello da Guarda", un proxecto que repercutirá nun aforro estimado do 62,89% para as arcas municipais no gasto eléctrico anual.

O presente proxecto contempla a actuación sobre 57 dos 66 cadros eléctricos existentes no municipio, así como a substitución de 1892 dos 1916 puntos de luz do alumeado público da Guarda. Os restantes puntos xa cumpren coa normativa de eficiencia enerxética ou están incluídos



nunha subvención solicitada con anterioridade a través da deputación por valor de máis de 100.000 € no ano 2016. Nos próximos meses coñecerase a resolución desta primeira subvención.

Entre as vantaxes destes proxectos están o aforro enerxético e económico, a mellora da calidade do novo alumeado, a mellora medioambiental, a renovación das luminarias do municipio e o abaratamento do mantemento das mesmas.

A Subvención ten un custo total de 919,452,02€ dos cales o 80% será aportado polo IDAE (753,561,62€) e o 20% restante polo Concello da Guarda.

Máis de 200 persoas déronse cita na San Silvestre guardesa 2018



A Guarda acolleu o pasado luns día 31 de decembro a tradicional carreira San Silvestre 2018, que contou nesta edición coa participación de máis de 200 persoas, que decidiron participar para despedir o ano 2018 facendo deporte.

O Evento, organizado por Atletismo Trega en colaboración co Concello, contou coa atleta olímpica Julia Vaquero como Madriña desta proba,

que animou e asinou autógrafos aos presentes.

O evento celebrouse nunha espléndida xornada soleada, onde os participantes gozaron facendo deporte polas rúas do pobo.

Dende Atletismo Trega e o Concello da Guarda se quere agradecer a colaboración de Xogade, Policía Local, Disramo, Adegas Val Miñor, Lito Sport, voluntarios e a tod@s@s participantes.



As Cortellas (Ponteareas) plantará preto 1.000 árbores apadriñadas no festival “Música polo noso monte”

A veciñanza das Cortellas e a comunidade de montes de Padróns convida a todas as madiñas e padriños que apadriñaron árbores no festival “Música polo noso monte” celebrado o pasado 3 de marzo de 2018 a participar na xuntanza que terá lugar este domingo 13 de Xaneiro ás 08:15 horas.

Xunto a capela das Cortellas reuniránse todos e todas as que queiran plantar as preto de mil árbores apadriñadas.

Os e as interesadas deberán enviar un correo electrónico ao enderezo ascor-tellas@gmail.com antes do día 11 indicando nome, apelidos, data de nacemento e dni para poder ter cobertura do seguro que a organización contratará para maior segu-



ridade.

A veciñanza das Cortellas, en Padróns, suxire levar sacho ou legón para poder facilitar o traballo.

O concello de Ponteareas,

que apoiou dende o iníciala iniciativa, felicita á xente das Cortellas e da comunidade de montes de Padróns pola súa labor na defensa e protección dos montes.

Isabel Blanco no primeiro Venres D_letras do ano en Ponteareas



O 11 de xaneiro terá lugar o primeiro «Venres D_letras» do ano que, nesta ocasión, estará protagonizado pola avogada e animadora cultural de orixe ponteareá Isabel Blanco. Coma sempre, o ciclo desenvolverase no Salón de Plenos do Concello de Ponteareas a partir das 20:30 horas, como parte das actividades organizadas pola Concellería de Cultura.

A escritora ponteareá presenta unha biografía de María

Vinyals dirixida aos mozos.

«María Vinyals. Un talento rebelde», é unha recreación literaria da biografía de María Vinyals, escritora, articulista e pioneira do feminismo en Galicia, inxustamente esquecida na actualidade. Nacida en 1875 no castelo de Soutomaior, foi autora dunha historia do devandito castelo, no que pasou boa parte da súa vida, que quedou como referencia para todos os estudosos da fortaleza.

Foro socio-cultural entre Galiza e Portugal: unha análise multisectorial.

As xornadas celebradas en Santiago o pasado decembro realizáronse en dúas fases complementarias: unha consistente en analizar por medios de palestras as relacións entre Galiza e Portugal desde unha perspectiva multisectorial, baixo os seguintes epígrafes:

a) Análise histórico / lingüístico das relacións entre Galiza-Portugal.

b) As relacións históricas culturais galaico-portuguesas.

c) Análise económico e relacións empresarias entre Galiza-Portugal. Casos prácticos.

As relación socioeconómicas -produtivas de Galiza e Portugal. Pasado-presente-futuro. As empresas xornalista na raí.

d) Pescudando as relacións socio-culturais entre Galiza e Portugal na actualidade.

Este encontro realizado en Santiago o pasado decembro contou cun importante elenco de participantes. Entre outros, participaron no mesmo: María Tereixa Moure. Profesora na (USC) e escritora. Carlos Barros. L. Xeografía e Historia. (USC). Felipe Senen. L. Historia del Arte. Roberto Mansilla. Analista IGADI. Angelo

Cristóvão. Vice-Presidente da Academia Galega da Lingua Portuguesa. Guillermo Rodríguez (Director xornal Novas do Eixo atlántico). Manuel Vázquez (Rede galega de empresas). Julio Justo (Entre-nos empresas galegas. Manuel Bracara. (BracaraWine. Portugal). Xosé M. Gonzalez Vilas. Grupo IZA.

Tamén é de destacar a participación e interese e boa acollida que tiveron as xornadas en diversos sectores da poboación, en especial no cultural e económico, participando directa ou indirecta-



No centro, o director de Novas do Eixo Atlántico, Guillermo Rodríguez, durante a súa intervención no foro.

mente unhas 500 persoas.

Noutra xornada, houbo unha desgutación de produtos ga-

legos e portugueses, celebrada no centro gastronómico La Galeciana.